

**PRIMEIRO.-** A Axencia de Turismo de Galicia configúrase, en virtude do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se procede á súa creación e á aprobación dos seus estatutos, como o órgano da administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponden, entre outras, as competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade. Máis especificamente, asume a planificación da política de ordenación, fomento e promoción do turismo, determinando as liñas de actuación da política turística que deben rexer no territorio.

## EXPOÑEN

Ambas as dúas partes, con capacidade e lexitimación suficiente para a sinatura do presente convenio,

**Doutora, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural,** e no seu nome e representación, Miguel Angel Pérez Dubois, en calidade de director xeral de Agader, en virtude do Decreto 41/2016, do 7 de abril, polo que se nomea director xeral de Desenvolvemento Rural e da Disposición transitoria terceira da Lei 14/2013 do 26 de decembro de racionalización do sector público, con facultades para formalizar este convenio segundo os Acordos do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto).

**Dunha parte, a Axencia Turismo de Galicia,** e no seu nome e representación, en virtude das atribucións que ten conferidas, María Nava Castro Domínguez, nomeada directora da Axencia Turismo de Galicia en virtude do Decreto 34/2013, do 21 de febreiro, actuando de conformidade co previsto no artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

## REUNIDOS

Santiago de Compostela, a 17 de xuño de 2016

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS PÚBLICAS CON INCIDENCIA NO SECTOR TURÍSTICO PROMOVIDAS NO TERRITORIO DE GALICIA, NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA (PDR) 2014-2020.**

galicia


agader  
AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL

XUNTA  
DE GALICIA





**XUNTA DE GALICIA**



**SEGUNDO.** Pola súa banda, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural configurarase, en virtude da disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, pola que se crea, como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego.

En virtude desta norma, e da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural, así como da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, Agader asume, entre outras funcións, a xestión das medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos agrarios de desenvolvemento rural, así como a aplicación das medidas e actuacións que teñan por obxecto a dinamización do tecido produtivo e a fixación da poboación nas áreas rurais.

**TERCEIRO.** O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado pola Comisión Europea por Decisión C (2015) 8144, do 18 de novembro, constitúe o instrumento de programación da política de desenvolvemento rural na Comunidade Autónoma, no marco do escenario deseñado pola Comisión Europea ao abeiro do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comuns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca; así como ao abeiro do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

No marco do PDR de Galicia 2014-2020, a Axencia Turismo de Galicia é xestora da medida 7.5 (subvencións á inversións para a accesibilidade e sinalización de recursos turísticos no medio rural), así como da medida 16.3 (subvencións a investimentos de cooperación para o desenvolvemento do turismo).

No marco do PDR de Galicia 2014-2020, Agader é xestor das medidas 6.4 (subvencións a investimentos en actividades non agrícolas), así como da medida 19 (LEADER) na que, á súa vez participan os GDR (grupos de desenvolvemento rural) en calidade de entidades colaboradoras, nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A execución destas medidas pode prever a subvencionabilidade de investimentos vinculados a infraestruturas e servizos no sector do turismo, que deberán adecuarse, en todo caso, ao conxunto da normativa que sobre ordenación, planificación e inspección turística sexan de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia.

**CUARTO.-** O sector turístico é un elemento dinamizador clave no proceso de desenvolvemento do territorio rural galego, aínda que con valoracións desiguais segundo os territorios. Partindo desta realidade, así como da constatación de que o sector turístico constitúe un sector en desenvolvemento en moitas zonas rurais, que crea novas posibilidades de emprego e aumenta a atracción global do medio rural, os esforzos deben enfocarse cara as seguintes liñas estratéxicas de actuación:


- a) Reforzar e consolidar a viabilidade do tecido empresarial implantado no medio rural arredor do sector turístico.
- b) Coordinar as actuacións de dinamización do turismo rural, incidindo na busca de sinerxias e na promoción conxunta de proxectos por parte das entidades do sector.
- c) Favorecer a consolidación dunha cultura empresarial turística que aproveite as vantaxes dunha oferta turística integrada, baseada en criterios de calidade.
- d) Impulsar o desenvolvemento de produtos turísticos específicos e a posta en marcha de canles de venda axeitadas para a súa distribución.
- e) Contribuir á desestacionalización e diversificación da oferta turística, fomentando unha estancia activa no ámbito rural como destino turístico atractivo, a través da oferta de servizos turísticos integrals.
- f) Posta en valor e uso turístico da riqueza histórico-artística, patrimonial, cultural e natural do territorio rural.
- g) Promocionar e comercializar o turismo rural para abrirlo a novos mercados.

**QUINTO.-** Tendo en conta que as competencias en materia de fomento de ordenación do sector turístico residen na Axencia Turismo de Galicia, faise necesario que calquera actuación que supoña unha incidencia no desenvolvemento do turismo galego debe estar referendada necesariamente polo departamento competente na materia.

No anterior período de programación dos fondos europeos (2007-2013) a coordinación e complementariedade de actuacións entre Agader e o departamento da Xunta de Galicia competente en materia turística fíxose a través da figura dos convenios de colaboración.

Así, e para dar cumprimento a esta realidade, o 4 de abril de 2011, Agader e a Consellería competente en materia de turismo asinaron un convenio de colaboración para a coordinación de actuacións públicas con incidencia no sector turístico promovidas no territorio rural galego no marco das axudas xestionadas ao abeiro do PDR de Galicia 2007-2013.

Segundo con este espírito de colaboración, cómpre coordinar e complementar as competencias, capacidades e esforzos técnicos, económicos e financeiros tanto de Agader como da Axencia Turismo de Galicia, co fin de rendibilizar os investimentos públicos que se acometan para potenciar o sector do turismo no territorio rural galego.



Tendo en conta o anterior, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

## CLAUSULAS

### PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, respecto das actuacións públicas sobre servizos e actividades turísticas que se poidan realizar no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) 2014-2020.


### SEGUNDA: FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS

O financiamento pola Axencia Turismo de Galicia e Agader das actuacións públicas dirixidas aos investimentos de carácter turístico en zonas rurais de Galicia afrontarase cos seus respectivos créditos orzamentarios e de acordo coas condicións e requisitos que sinalen as oportunas bases reguladoras de cada convocatoria, así como os criterios que se recollen nas cláusulas seguintes.


A Axencia Turismo de Galicia resérvase a execución, ben mediante investimento directo, ben a través dos correspondentes instrumentos reguladores das axudas, das seguintes tipoloxías de actuacións:

- a) En xeral, a creación de novos establecementos de aloxamento e de restauración, agás os proxectos que excepcionalmente poderán ser subvencionados con cargo ás liñas xestionadas por Agader, segundo o disposto na cláusula cuarta deste convenio.

- b) Concesión ou renovación de distintivos de calidade, especialmente a Q de calidade turística segundo normas do Instituto para la Calidad Turística Española (ICTE).



- c) Axudas destinadas á paquetización e comercialización da oferta turística de Galicia.
- d) Actuacións encamiñadas á creación de denominacións de xodestinos, difusión e promoción destes.
- e) Accións de promoción internacional : fam-trips, press-trips, etc.
- f) Innovación, renovación e implantación da xestión de calidade medioambiental dos campamentos de turismo.
- g) En xeral, todas aquelas que poidan obter axudas da Axencia Turismo de Galicia a través das ordes correspondentes a cada anualidade.
- h) Actuacións de sinalización e accesibilidade aos recursos turísticos no medio rural, con excepción dos proxectos promovidos polos GDR no ámbito da submedida 19.4.B de Leader (animación) os cales deberán respectar as condicións de elixibilidade que se establezan nas convocatorias, así como o disposto no Decreto 85/2012, do 16 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia e se aproba o Manual de Sinalización Turística de Galicia.
- i) Construción e/ou mellora de aparcamentos co fin de facilitar o acceso ordenado a recursos turísticos.
- j) Construción de pasarelas, rampas e eliminación de barreiras arquitectónicas que melloren o acceso aos recursos turísticos
- k) Construción ou adecuación de aseos adaptados para persoas con diversidade funcional
- l) Mellora de redes informáticas, seguridade, acondicionamento de salas e o seu mobiliario.





CUARTA: ACTUACIÓNS A DESENVOLVER CON CARGO AS SUBVENCIÓNS DE AGADER NO MARCO DAS MEDIDAS 6.4 (SUBVENCIÓNS A INVESTIMENTOS EN ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS) E 19 (LEADER) DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

No marco do PDR de Galicia 2014-2020, Agader poderá subvencionar a través dos GDR ou a través de liñas de axuda de promoción directa, as actuacións seguintes:

a) Investimentos que supoñan melloras en establecementos de aloxamento e restauración que estean en funcionamento na data da presentación da correspondente solicitude de axuda por parte do promotor. Para os efectos deste convenio, terán a consideración de melloras os gastos que sexan necesarios para a obtención do recoñecemento dun aumento de categoría do establecemento segundo a lexislación vixente en materia turística, así coma outras actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

b) Investimentos que supoñan a implantación de servizos turísticos complementarios a un establecemento de aloxamento e/ou de restauración que estea en funcionamento na data da presentación da correspondente solicitude de axuda por parte do promotor. Para os efectos deste convenio, terán a consideración de servizos turísticos complementarios os seguintes: actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.

c) Os investimentos que supoñan a creación de novas prazas de aloxamento serán admisibles no caso de que se cumpran os requisitos seguintes:

- 1) Os establecementos obxecto de creación de novas prazas estarán clasificados segundo a lexislación en materia turística como hotel, pensión, casa de turismo rural ou campamento de turismo.
- 2) A proposta deberá levar aparelhada unha valorización do patrimonio cultural ou medioambiental ou a oferta de algún ou algúns dos seguintes servizos turísticos complementarios: actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.
- 3) A localización dos investimentos que supoñan creación de novas prazas deberá situarse en algún dos concellos sinalados no anexo I deste convenio.



d) Creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, patrimonio industrial, pallozas, faros, etc...) e que se comprometan a ofertar unha coíña baseada na gastronomía galega tradicional, ou que propoñan técnicas innovadoras ou fusións con outras gastronomías do mundo.

e) Rutas de senderismo homologadas pola Federación Galega de Montaña.  
 f) Construción de miradores, así como a eliminación de elementos discordantes na contorna dos mesmos.

g) No ámbito da submedida 19.2 de Leader (apolo para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), os GDR poderán promover formación tendente á profesionalización do persoal en servizos turísticos, mediante actividades formativas nas seguintes materias:

- 1) Atención ao cliente en hostalería.
- 2) Hixiene e seguridade alimentaria en pequenos establecementos de restauración.
- 3) Atención específica ao cliente con discapacidade.
- 4) Redes sociais e marketing on-line aplicado a establecementos de restauración.
- 5) Ferramentas de xestión de alimentos e bebidas.
- 6) Xestión de recursos humanos en pequenos establecementos de restauración.

Para os efectos deste convenio, enténdese por pequenos establecementos de restauración os que sexan de titularidade de empresas ou autónomos que teñan a consideración de microempresas (segundo a definición que resulta do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, de 17 de xuño)

h) Os investimentos tendentes á creación e/ou mellora de empresas de servizos turísticos complementarios. Para os efectos deste convenio, teñán a consideración de empresas de servizos turísticos complementarios as reguladas no artigo 88.1 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia. Para a subvencionabilidade dos investimentos a que se refire este punto será necesaria a correspondente inscrición no rexistro público oficial habilitado a tal efecto.

i) Calquera outra actuación en materia turística non recollida nos puntos anteriores que, atendendo á súa singularidade, reciba informe favorable conxunto da comisión establecida na cláusula sétima.





O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, considerándose prorrogado de maneira tácita se non o denuncia de maneira expresa calquera das partes, polo menos, cun mes de antelación.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento, por mutuo acordo.

### SEXTA.- VIXENCIA, MODIFICACIÓN E DENUNCIA.

III. As axudas referidas ás actuacións e/ou investimentos regulados neste convenio que se concedan por parte de Agader, tanto a través dos GDR como a través de liñas de axuda de promoción directa, deberán contar con informe previo favorable da Axencia Turismo de Galicia respecto da súa adecuación á planificación turística e do cumprimento da normativa en materia turística.


Para os efectos indicados neste punto, remitiráselle á Axencia Turismo de Galicia, a través de Agader, a solicitude de axuda do promotor, a memoria resumo do proxecto en documento normalizado e, no seu caso, o proxecto técnico ou memoria valorada.

Todos os investimentos aos que se refire este convenio deben cumprir os requisitos esixidos pola normativa turística para a súa autorización e/ou clasificación. Agader non procederá ao pagamento final se a actuación non conta coa licenza municipal correspondente e coa autorización e/ou clasificación a que haxa lugar.

II. Respecto dos proxectos con incidencia no sector turístico que tramite Agader, a Axencia Turismo de Galicia emitirá as resolucións de clasificación ou, se é o caso, autorizacións esixidas pola normativa turística, segundo o tipo de establecementos. Para estes efectos os promotores presentarán a solicitude ou declaración responsable nos Departamentos Territoriais da Axencia Turismo de Galicia para que os órganos pertinentes emitan as ditas autorizacións ou títulos habilitantes.

I. Co obxecto de evitar a concorrencia indebida de subvencións, a Axencia Turismo de Galicia e Agader intercambiarán a relación de solicitudes presentadas ao abeiro das súas respectivas convocatorias que teñan incidencia no sector turístico, así como a relación final de aquelas que obtiveran subvención, con expresión do beneficiario, título do proxecto de que se trate, subvención concedida e porcentaxe desta respecto ao orzamento aceptado.

### QUINTA.- COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS.







**XUNTA DE GALICIA**



**galicia**

**SÉPTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Créase unha Comisión de Seguimento integrada por seis persoas:

- Por parte da Axencia Turismo de Galicia:

O/a titular da dirección xeral da Axencia Turismo de Galicia, ou persoa que designe na súa substitución.

O/a xerente ou persoa que o substitúa.

O/a Directora de Competitividade ou persoa que o substitúa.

Por parte de Agader:

O/a titular da Dirección Xeral de Agader, ou persoa que designe en substitución.

O/a subdirectora de Relacións cos Grupos de Acción Local ou persoa que o substitúa.

O/a subdirectora de coordinación e planificación para o desenvolvemento rural ou persoa que o substitúa.

Esta Comisión terá as seguintes funcións:

- Resolver os problemas e controversias que poida suscitar o convenio na súa execución.
- Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
- Realizar o seguimento do financiamento público concorrente de Agader e a Axencia Turismo de Galicia sobre os proxectos incluídos no ámbito de actuación das partes
- Servir de canle para a cooperación institucional entre as partes
- Informar sobre a conveniencia e utilidade de subvencionar investimentos turísticos no medio rural, tendo en conta o impacto socioeconómico do proxecto e a contribución deste á recuperación do patrimonio arquitectónico ou natural, á creación de emprego, á atracción de novos visitantes e á desestacionalización da oferta.

A Comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

O presente convenio ten natureza administrativa.



As controversias que non sexan resoltas pola Comisión de Seguimento someteranse ao procedemento de solución de conflitos interadministrativos entre as consellerías ás que están adscritas a Axencia Turismo de Galicia e Agader.

### OITAVA.- TRASPARENCIA DA ACTIVIDADE PÚBLICA


Para os efectos do previsto na normativa de transparencia da actividade pública, este convenio será publicado e as persoas asinantes aceptan que os seus datos persoais que figuran neste convenio, se publiquen igualmente.


Lido o presente convenio por ambas as dúas partes, en proba de conformidade asinan e outorgan por duplicado exemplar, na cidade e data arriba indicados.

Pola Axencia Turismo de Galicia  
Directora da Axencia Turismo de Galicia  
Maria Nava-Castro Dominguez



Por Agader  
O director xeral de Agader  
Miguel Angel Perez Dubois.





- 1.- Concellos polos que recorren as diferentes rutas do Camiño de Santiago, agás o Francés, nos que exista déficit de prazas de aloxamento, acreditado por informe da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
- 2.- Aqueles concellos que dispoñan de recursos minero-medicinais e carezan de prazas de aloxamento, acreditado por informe da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
- 3.- Excepcionalmente, calquera outro Concello no que se constate una carencia de prazas de aloxamento en determinadas categorías, acreditado por informe da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.

ANEXO I

